



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Lingua Española 2	Código	613G01013	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Fernandez Bernardez, Cristina	Correo electrónico	c.fernandez@udc.es	
Profesorado	Fernandez Bernardez, Cristina	Correo electrónico	c.fernandez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo normativo da lingua española. Introducción ao problema da corrección idiomática. Aplicación á lingua española a teor do establecido pola RAE.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Obter un coñecemento detallado sobre la corrección idiomática e os principais aspectos normativos da lingua española.		A5	B3
		A11	B4
		A14	B5
		A21	B6
		A23	B8
		C6	



Coñecer e aprender a manexar diversos recursos para resolver dúbidas sobre a norma do español.	A5 A11 A14 A23	B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10	C6
Saber localizar en textos reais erros idiomáticos e corrixilos razoadamente.	A5 A10 A11 A15 A21	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10	C1 C6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A corrección idiomática. A lingua estándar. A gramática normativa	1.1. A teoría do falar de E. Coseriu 1.2. A lingua estándar ou lingua exemplar 1.3. A norma do español
2. Ortografía e ortoloxía do español	2.1. Ortografía 2.2. Ortoloxía
3. Aspectos léxico-semánticos	3.1. Erros no uso do léxico 3.2. Préstamos e estranxeirismos
4. Cuestións normativas e clases de palabras	4.1. Substantivo e adxectivo 4.2. Determinantes e numerais 4.3. Verbo 4.4. Pronome 4.5. Preposición 4.6. Conxunción 4.7. Adverbio
5. Cuestións normativas na construción sintáctica	5.1. Concordancia ad sensum 5.2. Anacoluto 5.3. Ceugma 5.4. Anfiboloxía

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B4 B5 B7 B8 B10 C1 C6	14	14	28
Lecturas	A5 A10 A11 A14 A21 A23 B1 B3 B5 B6 B7 B8 C6	0	3	3



Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	24	24	48
Proba mixta	A5 A10 A11 A15 A21 A23 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C6	2	30	32
Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	2	31	33
Eventos científicos e/ou divulgativos	A14 A21 A23 B3 B10 C6	4	0	4
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica, por parte da profesora, dos contidos da materia.
Lecturas	Lectura de artigos puntuais sobre aspectos concretos do temario.
Obradoiro	Realización de prácticas nas que se inclúen busca de solución a determinados problemas, probas de discriminación, probas de completar, corrección de textos, aplicación de normas, análise crítica de determinadas lecturas, traballo en grupo.
Proba mixta	Exame final no que se mostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.
Traballos tutelados	Dous traballos en grupo nos que se aplicarán os coñecementos adquiridos á detección de erros e corrección de textos de forma xustificada. A preparación dos traballos farase baixo a tutela da profesora.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias e seminarios relacionados coa materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	Para todas as probas avaliadas, a profesora estará dispoñible en horario de titorías para resolver as dúbidas que poidan xurdir. No caso concreto dos traballos tutelados, ademais, para ter un seguimento do proceso de elaboración, dedicarase unhas horas a que os grupos plantexen as dificultades coas que se van atopando e daránelles as indicacións oportunas para superalas.
Proba mixta	
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Exercicios prácticos ou probas sobre algún aspecto concreto do temario.	10
Proba mixta	A5 A10 A11 A15 A21 A23 B4 B5 B6 B7 B10 C1 C6	Examen final no que se mostrarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.	50



Traballos tutelados	A5 A10 A11 A14 A15 A21 A23 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C6	Dous traballos en grupo nos que se poñerán en práctica os coñecementos e competencias adquiridos.	40
---------------------	---	---	----

Observacións avaliación

1. Para superar a materia a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10.

2. Na realización das actividades avaliadas ao longo do curso e na dos exames será imprescindible seguir as normas proporcionadas no seu momento.

3. No caso dos exercicios e traballos, ademais, deben terse presentes as seguintes indicacións: ? o alumno deberá axustarse ao prazo de entrega fixado; ? evidentemente, o plaxio (é dicir, a utilización de textos ou ideas doutros autores sen indicar a fonte de procedencia), mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica, supoñerá o suspenso automático da actividade avaliada. ? o estudante comprometerase a gardar unha copia do traballo que entrega.

4. Para aprobar a materia será preciso mostrar un correcto dominio do español (ortografía, acentuación, puntuación, expresión, etc.). Cada falta de ortografía ou de puntuación descontará 0,5 puntos da nota do exame, traballo ou exercicio. En caso de faltas moi graves, 1 punto.

5. Cualificarase como "non presentado", na primeira edición de actas (mes de xaneiro), a quen non se presente ao exame oficial.

6. Na segunda edición de actas (mes de xullo) o alumno poderá recuperar todos os instrumentos de avaliación arriba descritos, coas mesmas porcentaxes que na edición anterior. En caso de que non realice ningunha proba, será cualificado como "non presentado".

7. Os estudantes a tempo parcial con dispensa académica recoñecida realizarán actividades compensatorias dos talleres, logo de acordo coa profesora.

8. A materia poderá ser adaptada a estudantes con minusvalideces e aos que non teñan un nivel de español similar ao nativo.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Casado Velarde, Manuel ((2008)). El castellano actual. Usos y normas. EUNSA, Pamplona, 9.ª ed. - Coseriu, Eugenio ((1992)). Competencia lingüística. Gredos, Madrid - Gómez Torrego, Leonardo ((2011a)). Hablar y escribir correctamente. Gramática normativa del español actual. Arco Libros, Madrid, 2 vols., 4.ª ed. (act.) - Gómez Torrego, Leonardo ((2011b)). Las normas académicas: últimos cambios. SM, Madrid. En línea en http://www.eoilleida.org/fotos/novetats/resumen_ortografia_Torrego.pdf - Martínez de Sousa, José ((2008)). Diccionario de usos y dudas del español actual DUDEA. Trea, Gijón, 4.ª ed. - Martínez de Sousa, José ((2014)). Ortografía y ortotipografía del español actual. Trea, Gijón, 3.ª ed. - Montolío, Estrella (coord.) ((2008)). Manual práctico de escritura académica. Ariel, Barcelona, 3 vols., reimpr. - Montolío, Estrella (dir.) ((2014)). Manual de escritura: académica y profesional. Ariel, Barcelona - Paredes García, Florentino (coord.) ((2012)). El libro del español correcto. Claves para hablar y escribir bien en español. Instituto Cervantes- Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2005)). Diccionario panhispánico de dudas. Santillana, Madrid. En línea en http://www.rae.es. - Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2009)). Nueva gramática de la lengua española. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010a)). Ortografía de la lengua española. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2010b)). Nueva gramática de la lengua española. Manual. Espasa, Madrid - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2011)). Nueva gramática básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Real Academia Española- Asociación de Academias de la lengua española ((2012)). Ortografía básica de la lengua española. Espasa, Barcelona. - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2013)). El buen uso del español. Espasa, Barcelona - Real Academia Española-Asociación de Academias de la Lengua Española ((2014)). Diccionario de la lengua española. Espasa, Barcelona, 23.ª ed. - Seco, Manuel ((2011)). Nuevo diccionario de dudas y dificultades de la lengua española. Espasa, Barcelona <p>A bibliografía complementaria darase en cada tema. Documentación na plataforma Moodle da UDC.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

? Dadas as características da materia, os alumnos extranxeiros que desexen cursala deberán ter un nivel C1 de español.? Recómendase a asistencia a todas as sesións e o traballo diario.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías